



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
Documento CONZI0KF	Expediente CON/1/2015	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.038.878,86 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 18 de maio de 2015, ás 9:10 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Teresa Mª Gutiérrez López.

Vocais:
D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Pedro Sánchez Mariño, Enxeñeiro Técnico Industrial Servizo Obras e Proxectos
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten: D. Fco. Javier Santamaria en representación de ACEINSA MOVILIDAD SA

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	06/05/2015	20.013	ELECNOR SA (*)
2	06/05/2015	20.015	IMESAPI S.A. (*)
3	06/05/2015	20.016	FERROVIAL SERVICIOS SA (*)
4	06/05/2015	20.019	TECNOCONTROL SERVICIOS S.A. (*)
5	06/05/2015	20.021	INSTITUTO GESTION SANITARIA SA (*)
6	07/05/2015	20.323	ALUVISA. APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS (*)
7	07/05/2015	20.468	GREMOBA S.L (*)
8	07/05/2015	20.471	ACEINSA MOVILIDAD SA (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, resultando que as empresas IMESAPI S.A. e INSTITUTO GESTION SANITARIA SA non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o taxativo requerimento do prego de aplicación que na súa cláusula 13.2 sinala: "Será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subsrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinado polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre".

Pois ben, dado que non se atopa presente ningún representante das empresas afectadas, e mantendo o criterio establecido xa con anterioridade nas mesas celebradas neste Concello, que foi conformado ademais por resolución do tribunal central de recursos contractuais ante unha situación análoga, a mesa acorda excluir da licitación as ofertas presentadas polas empresas IMESAPI S.A. e INSTITUTO GESTION SANITARIA SA.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0KF	<i>Expediente</i> CON/1/2015	

15078DCONZI0KF(



Finalmente, a mesa acorda o traslado da documentación dos licitadores admitidos ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0KF	<i>Expediente</i> CON/1/2015	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.038.878,86 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 15 de xullo de 2015, ás 9:15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico industrial servizo obras e proxectos
- Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.


A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

A mesa, amosándose conforme co contido do informe, entende que facilitaríaa súa comprensión que a súa estrutura axustárase os subapartados recollidos nos distintos criterios de adjudicación do prego de aplicación, polo que solicita ó técnico redactor que o amplíe neste senso.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**





CONCELLO DE SANTIAGO

**De : SERVICIO DE PROGRAMACION E PROXECCION . PROXECTOS E OBRAS
A: SERVICIO DE CONTRATACION**

Asunto :

Informe sobre as ofertas presentas ao concurso “**Servizo de Mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela**”

Informe:

A petición do Servizo de Contratación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela , realizase a valoración técnica das propostas presentadas a licitación do concurso “**Servizo de Mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela**” . No informe Técnico realizarase a valoración de un dos criterios establecidos no Prego Xeral de Condicións , concretamente o sinalado como: **B) Criterios de adxudicación non valorables en forma de cifras ou porcentaxes .**

OFERTAS A VALORAR

As ofertas presentadas para tomar parte no concurso corresponden coas seguintes empresas:

- 1.- ACEINSA MOVILIDADE SA
- 2.- APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS SA
- 3.- ELECNOR INFRAESTRUCTURAS
- 4.- GREMOVA SL
- 5.-FERROVIAL SERVICIOS SA
- 6.- TECNOCONTROL SERVICIOS SA.

CRITERIOS A VALORAR


Os criterios a incluír en este apartado, reflectidos no prego son os seguintes :

B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15 puntos).

Neste apartado valorarase o programa de execución dos traballos incluídos no presente prego, a organización do servizo, o sistema adoptado para a inspección das instalacións, os programas de inspección e recollida de avisos, sistema adoptado para a actualización do Gis e Citigis, software de control de facturación de enerxía eléctrica etc..

B.2.- Medios Persoais (15 puntos)

INGENIERO TÉCNICO MUNICIPAL
CONCELLO DE SANTIAGO
Pedro Sánchez Mariño



CONCELLO DE SANTIAGO

Presentarase compromiso formal de adscrición especificando o grao de dedicación e a documentación acreditativa do equipo humano e os seus requisitos mínimos establecidos no Prego . No caso de non poder presentar a dita documentación valorarase o presente apartado con 0 puntos.

Valorarase o persoal posto a disposición do contrato e o seu grao de dedicación, a súa cualificación profesional e a súa experiencia en contratos da mesma natureza. A puntuación distribuirase da seguinte forma:

1. Responsable de conservación e mantemento (ata 5 puntos)

- a. Titulación Universitaria acorde co obxecto do contrato
 - Grao medio ou equivalente: 1 puntos
- b. Grao de dedicación ao contrato:
 - Parcial con prioridade: 1 Punto
 - Exclusiva : 2 puntos
- c. Experiencia superior a 5 anos en contratos da mesma natureza: 2 puntos

2. Encargado Xeral (ata 5 puntos).

- a. Grao de dedicación ao contrato
 - Parcial con prioridade: 1 punto
 - Exclusiva: 2 puntos
- b. Experiencia acumulada en contratos da mesma natureza (ata 3 puntos)
 - Inferior a 5 anos: 0 puntos
 - Superior a 5 anos e inferior a 6 anos: 0,75 puntos.
 - Por cada ano completo a partir do 5º ano: 0,15 puntos ata o máximo total previsto de 3 puntos

3. Outros medios persoais (ata 5 puntos)

- a. Técnico en prevención de riscos laborais e responsable de seguridade e saúde do contrato (ata 2 puntos)
 - Dedicación exclusiva ao contrato : 1 punto
 - Experiencia superior a 4 anos en contratos da mesma natureza: 1 punto
- b. Técnico en delineación con coñecementos de electricidade e informática a nivel de usuario e manexo de programas tipo GIS (ata 3 puntos)
 - Dedicación exclusiva ao contrato : 1 punto
 - Experiencia ata 5 anos en contratos da mesma natureza : 1 punto
 - Experiencia superior a 5 anos, a razón de 0,2 puntos por ano ata un máximo de 2 puntos

B.3.- Medios materiais (ata 15 puntos)

Valoraranse os medios materiais asignados ao cumprimento do contrato tendo en conta a idoneidade dos mesmos e a súa calidade, tanto de maquinaria, equipos de traballo e medios técnicos como dos materiais a utilizar nas tarefas de conservación, reparación e pequenas reformas ou ampliacións.



CONCELLO DE SANTIAGO

A puntuación repartirase da seguinte forma:

a. Vehículos (ata 5 puntos)

Neste apartado valoraranse as características e número de vehículos aportados para a execución do servizo. Non se admitirán vehículos con idade superior a 5 anos ou quilometraxe superior a 50.000 Km.

b. Maquinaria, medios técnicos, equipos para medida de iluminación, instalacións, etc. destinados ao cumprimento do contrato (ata 5 puntos).

c. Medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis, características e operatividade dos sistema de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias (ata 5 puntos).

B.4.- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (ata 10 puntos)

Dentro destas melloras valoraranse ata un máximo de 5 puntos calquera tipo de solución que permita baixar o consumo enerxético das instalacións co menor custo asociado. Terán igual valoración (5 puntos) aquelas que repercutan na maior seguridade das instalacións, adaptación das mesmas á regulamentación actual (onde fose necesario), mellora dos sistemas de protección, envolventes, etc. O máximo importe que se poderá establecer dentro deste tipo de melloras será de 100.000 €/ano (IVE incluído). Dito importe non terá revisión anual de ningún tipo.

As Melloras ofertadas deberán ser valoradas en termos monetarios.

As melloras ofertadas poderán ser ou non admitidas ou desenroladas polo Concello en función do seu maior ou menor grao de interese.

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Unha vez estudadas as ofertas e tras un profundo análises das mesmas tratarase de reflectir y explicar o mais brevemente posible o seu contido así como a valoración que se ha dado a cada una delas. Ao final do informe reflecterase nunha táboa as puntuacións acadadas por cada una das empresas concursantes en cada un dos diferentes apartados .

1.- ACEINSA MOVILIDADE SA (42 / 55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9 /15 puntos).

A proposta suscitada é en xeral bastante complexa partindo de un estudo excesivamente teórico e penso que non moi ben adaptado as características do territorio no que se desenvolve, suscítanse uns equipos de inspección diúrna e nocturna con distintas periodicidades así como uso de técnicas de coaching na formación continua de inspectores . Aporta tamén un organigrama do servizo así como unha táboa de frecuencias de operacións de

INGENIERÍA TÉCNICA MUNICIPAL
CONCELLO DE SANTIAGO
Pedro H. Sánchez Merino



CONCELLO DE SANTIAGO

conservación moi completa. Notase en falta un estudo mais detallado do sistema de inspección a usar así como das rutas, frecuencias e medios utilizados para o control das mesmas.

A arquitectura de comunicación e xestión de avisos está baseada na plataforma Citigis, igual que o software de control de xestión da enerxía.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego .

Criterio B-3 .- Medios materiais (11/15) .

Os vehículos con plataforma son de características superiores a os do prego, todos eles de nova adquisición e ofrecen un vehículo a maiores dos esixidos polo prego. Presentan un compromiso de aluguer de unha nave de 530m² e 60m² de oficinas . Non indican os medio utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias, aínda que si figura dentro do plan de execución do servizo , baseándose o mesmo na plena utilización do sistema citigis .

Este é o que está funcionando na actualidade aínda que non ao 100% xa que na parte de xis e cartografía así como de análises de facturación non ten suficientes prestacións .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (7/10) .

Instalación de un total de 74uds. de luminarias tipo Led por un importe de 49.848,48€/ano, substitución de 27 Centros de Mando completos así como 29Uds. de interruptores diferenzas a instalar no interior dos cadros que se considere mais necesarios por un importe de 50.151,46€/ano (total ano ambas propostas 99.999€) .

Ámbalas dúas propostas son interesantes, aínda que a substitución por luminarias leds require un estudo mais completo xa que non só afecta as propias luminarias, senón as súas liñas de alimentación , cadros de protección e ata a súa propia distribución. Algo parecido sucede coa instalación de interruptores diferenciais dado que as condicións actuais dos centros de mando e o estado en xeral do alumeadado poden non ser o mais axeitado para súa implantación . En tódolos casos requírese un estudo previo da solución proposta.

2 .- APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS SA (ALUVISA) (43/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15 /15 puntos).

INGENIERO TÉCNICO MUNICIPAL
CONCELLO DE SANTIAGO
Pedro Sánchez Mariño



CONCELLO DE SANTIAGO

A proposta suscitada está moi ben definida e estruturada , presenta melloras sobre a formulación inicial do prego. A planificación dos traballos está ben detallada, así como o plan de mantemento preventivo e periodicidades das inspección.

A xestión do mantemento realizase mediante a implantación dun software (ROSMIMAN) para xestión de inventario, gis e inspeccións , así como para a xestión da facturación da enerxía eléctrica . O sistema actual Citigis será o utilizado como sistema de telecontrol e integrado no ROSMIMAN.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego, a maiores do mesmoponse a disposición do contrato toda a oficina técnica e servizos centrais da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo .

Criterio B-3 .- Medios materiais (9/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de nova adquisición, Km 0 ou seminovos (menos de 2 anos) e con quilometraxe inferior a 50.000Km e ofrecen un vehículo a maiores dos esixidos polo prego en función das necesidades do servizo . Non indican na súa totalidade o tipo nin as características dos mesmos . Non queda claro se son novos ou non pois na proposto entran tódalas posibilidades . No se coñecen características dos locais nin instalacións a utilizar no servizo . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no uso de unha plataforma Web con software Rosmiman, compatible co sistema Citigis así como unha solución de mobilidade mediante o uso de tablets ou móbiles de última xeración, eliminando o uso de formularios etc.

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (6/10) .

substitución de 1200 lámpadas de 80 e 125W de VM por lámpadas SAP por importe de 42.924€ , implantación de sistemas antirrobo en 5 instalacións por importe de 21.714€ y revisión de posibles instalacións en mal estado ou obsoletas en toda a cidade y realizar un informe documentado e detallado sobre as deficiencias encontradas , por un importe de 21.960€ . Presenta un estudio de aforro no caso da substitución de lámpadas con moi bos resultados.

A proposta e interesante inda que non se indican as características dos equipos nin lámpadas a instalar . Esta proposta require un estudio mais fondo xa que en moitos casos non so hai que cambiar equipos e lámpadas senón luminarias completas dada a súa antigüidade . Os resultados obtidos poden ser orientativos pero a realidade e que a inversión necesaria sole ser





CONCELLO DE SANTIAGO

superior a presupostada no orixe. En canto os sistemas de detección de roubo de cableados, xa se dispón na actualidade de equipos similares , non considerando que súa instalación sexa o mais necesario dentro das prioridades do Concello. As revisións que propoñen facer das instalación do alumeado non se consideran de moita utilidade dado que recentemente fíxose unha auditoría das mesmas e neste departamento tense pleno coñecemento do estado das instalacións.

3.- ELECENOR INFRAESTRUCTURAS (33/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7/15 puntos).

A proposta suscitada e en xeral e similar a proposta do prego, a planificación das actividades así como a organización dos traballos de conservación está ben estruturada inda que non está suficientemente detallada. O mesmo sucede co sistema de inspección adoptado, o cal inda adaptándose ao prego non aporta un sistema ben definido nin a súa implantación sobre algún tipo especial de software de apoio, bótase en falla un estudo mais detallado do sistema de inspección a usar así como das rutas, frecuencias e medios utilizados para o control das mesmas. Os traballos de mantemento a executar nas dependencias municipais son os mesmos que se indican no prego, non aportándose programa algún para o mantemento dos edificios .

Con respecto ao sistema adoptado para o control enerxético da facturación de enerxía eléctrica a oferta non indica que tipo de software será o utilizado nin as características do mesmo,

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional , experiencia e grado de dedicación esixida no prego , a maiores do mesmo ponse a disposición do contrato toda a oficina técnica e servizos centrais da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo .

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de menos de 2 anos e con quilometraxe inferior a 50.000Km, dispoñendo un sistema de dispositivos de localización mediante GPS. Ofrecen a dispoñibilidade de maquinaria de apoio e pesada para acometer obras e servizos. . Non indican na súa totalidade o tipo nin as características dos mesmos, Comprométense a dispoñer de un local de 800m² . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis realízanse mediante a plataforma propia GISAL , sobre GIS e vía Web compatible co sistema Citigis.

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (3/10) .



CONCELLO DE SANTIAGO

Diagnóstico enerxético das dependencias e instalacións por importe de 30.000€. Bolsa de 10.000€ para confección de proxectos por empresas de enxeñaría externas a Elecnor . Servizo de mantemento ampliado as 24h coordinado desde un call-center 24h, operativo todos os días do ano durante as 24h e implantación do sistema de xestión GISAL .

As apartacións neste apartado non son moi interesantes xa que no caso do diagnóstico enerxético, este estase facendo na actualidade e con un carácter mais amplo . En canto a incremento de seguridade nas instalacións non se aporta solución algunha .

4 .- GREMOVA SL (27/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7/15 puntos).

O plan de mantemento que se propón baséase sobre o cumprimento da normativa vixente (basicamente o contido no REEIAE, Regulamento de Eficiencia Enerxética nas instalacións de alumeados exterior e REBT, Regulamento de Instalacións Eléctricas en Baixa Tensión , a sistemática e a recollida en ámbolos dous regulamentos, non aportando melloras de relevancia as contidas no prego , no cal xa se indica a obrigatoriedade do cumprimento dos mesmos.

O control enerxético e de facturación de enerxía eléctrica realiza a través do software proporcionado por o IDAE, OFE. Os sistemas de inspección adoptados están moi pouco detallados non aportándose sistemática nin recorridos nin sistemas de control dos mesmos . No se aporta nada concreto sobre os sistemas que se utilizarán para a actualización do Gis nin do Citigis.


Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional , experiencia e grado de dedicación esixida no prego .

Criterio B-3 .- Medios materiais (3/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, comprometéndose a dispoñer de un camión con plataforma elevadora que permita o traballo en alturas excepcionais para determinados traballos. A empresa indica que comprará todos os vehículos e que todos eles terán menos de 150.000Km . Supoño que isto debe ser un erro xa que o que pide o prego e que sexan de quilometraxe inferior a 50.000 , e non o ofertado , tampouco indican a idade dos vehículos nin as características principais dos mesmos . No se coñecen características dos locais nin instalacións a utilizar no servizo . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no sistema Citigis non quedando suficientemente aclarados na oferta presentada.

INGENIERO TÉCNICO MUNICIPAL
CONCELLO DE SANTIAGO
Pepe A. Sánchez Mariño



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (2/10) .

Cambio das lámpadas de VMCC dos farois por paneis de leds por importe de 49.915,50€ e implantación de un sistema de telexestión aplicado a 59 Centros de Mando do alumeadado por importe de 49.912,50€.

A primeira mellora ten un erro moi importante na súa base, que consiste en que os actuais farois non están equipados con lámpadas de VMCC senón con lámpadas de VSAP polo que todos os cálculos económicos e de aforro efectuados na proposta non son validos.

A segunda proposta non e unha mellora da seguridade das instalacións como tal senón mais ben un sistema de telexestión das instalacións mediante comunicacións inalámbricas . Dito sistema, en este momento non e de interese a súa implantación.

5 .-FERROVIAL SERVICIOS SA (53/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15/15 puntos).


A proposta presentada pola empresa e moi completa e mellora sensiblemente a disposta no prego . Aportase una proposta de xestión do servizo mediante un software de xestión OnVia-lighting apoiado nun uso masivo de sistema GIS tanto para as incidencias como para a xestión de flotas, stocks e control da facturación da enerxía eléctrica , Descríbese moi acertadamente o programa de inspección do alumeadado así como os seus protocolos e asignación de recorridos mediante rutas preestablecidas a vez que se inclúe unha planificación anual dos traballos a efectuar con estimación dos seus tempos . Inclúe na súa oferta un plan de formación continua do seu persoal en emprego de novas tecnoloxías no alumeadado público. Tanto a descrición dos sistemas adoptados para a inspección das instalacións de alumeadado e das dependencias e moi completo e está moi ben planificado . O sistema de recollida e recepción de avisos integrase na mesma plataforma así como as actualizacións do Gis e o software para o control da facturación de enerxía eléctrica (ENERGIZA) .

Aportase moi detalladamente tanto o programa anual de tarefas como as características do software a implantar .

O sistema de actualización do GIS e CITIGIS intégrase totalmente no OnVia de forma automática mediante un sistema de importación de datos.

O plan de execución do servizo está moi ben estudado e aporta melloras de moito valor sobre o establecido no prego.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)



CONCELLO DE SANTIAGO

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego. A maiores do mesmoponse a disposición do contrato toda a estrutura da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo.

Criterio B-3.- Medios materiais (15/15) .

Os vehículos propostos son das características esixidas no prego, sendo unha das plataformas de superiores características e un dos vehículos de tipo híbrido, todos eles de nova adquisición e dotados de sistemas de comunicacións e seguimento vía gps; a maiores poñen a disposición do servizo un camión todoterreo URO e un camión grúa de 3.500Kg . A nave que dispoñen para o servizo e de 1.221m² mais 350m² para oficinas e reserva de terreo de 1.000m² para posibles ampliacións . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias, baséanse na implantación dun software de xestión de mantemento On vía Ligting que permite a importación de ficheiros de CAD e de GIS mediante o sistema SAID, con capacidade de actualizar os datos de xeito automático e volcalos ao Citigis .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (8/10) .


Instalación de 3.971 lámpadas fluorescentes de baixo consumo en substitución das lámpadas de VMCC de 80W actuais e instalación de tubos con tecnoloxía de leds en substitución dos fluorescentes actuais . Instalación de protección diferencial rearmable e instalación de equipos de comprobación da continuidade do sistema de posta a terra.

A primeira proposta está moi ben estudada, incluíndo un cálculo lumínico cos resultados da súa implantación con resultados totalmente validos, aporta tamén un estudo de aforro enerxético moi completo e moi ben planteado ,en ámbolos casos os resultados que se obteñen son moi interesantes.

A segunda proposta incide totalmente no incremento de seguridade das instalacións , innda que as prestacións das mesmas e moi superior a esixida pola regulamentación, non obstante a proposta podería ser executable .

A terceira proposta consistente na instalación de un sistema de comprobación da continuidade do condutor de terra pode ser de interese en algún dos casos sempre que se dispoña antes de un completo sistema de protección contra correntes de fuga, equipos que son de obrigada instalación nas instalacións novas e que na actualidade non se dispoñen en todas as instalacións de alumeados.

6 .- TECNOCONTROL SERVICIOS SA. (36/55)



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9/15 puntos).

A proposta da empresa parte de unhas revisións iniciais das instalacións que darán pé a unha serie de informes para coñecer o estado das mesmas . A planificación dos traballos e a súa periodicidade están ben estudados , non así os sistemas de inspección adoptados non aportándose melloras con respecto as esixencias do prego , estando este apartado pouco estudado. Inclúese un procedemento básico para a xestión medioambiental dos residuos . Nos se detalla o suficiente os sistema de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios nin o seu sistema de inspección. Os sistemas de actualización do Gis e Citigis serán os actuais, non ofertando melloras sobre os mesmos ; en canto o software para o control da facturación de electricidade as características que se indican son moi xenéricas, non estando especificado con claridade o tipo nin a potencia do mesmo.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa calificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego.

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de menos de 2 anos e con quilometraxe inferior a 50.000Km, dispoñendo un sistema de dispositivos de localización mediante GPS. Presentan un compromiso de aluguer de unha nave de superficie mínima 1.000m² e 60m² . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no sistema no sistema de control de incidencias GMAO , non quedando suficientemente aclarados .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (4) .

Realización de unha auditoría así como un estudo de viabilidade de introdución de enerxías renovables . Realización de un estudo sobre o consumo de enerxía e o sistema actual das contratacións de enerxía eléctrica mediante un estudo específico de consumos; asesoramento e xestións de subvencións . Instalación de sensores de porta aberta en Centros de Mando para evitar posibles roubos e incremento das medidas de seguridade nas tarefas propias do mantemento .

Parte das melloras ofertadas xa están en execución ou xa han sido executadas recentemente como e o caso da auditoría e o análises da facturación . En canto o resto a aportación tanto a seguridade como ao aforro es de pouca entidade.

Do resultado do análises das ofertas o resumo das puntuacións alcanzada e a seguinte:

	ACEINSA	ALUVISA	ELECNOR	GREMOVA	FERROVIAL	TECNOCONTROL
B-1 Proxecto e/ou Plan de execución(15 puntos)	9	13	7	7	15	9
B-2 Medios Persoais (ata 15 puntos)	15	15	15	15	15	15
B-3 Medios Materiais (ata 15 puntos)	11	9	8	3	15	8
B-4 Melloras técnicas (ata 10 puntos)	7	6	3	2	8	4
Suma	42	43	33	27	53	36

O que se pon no seu coñecemento co obxecto de que si se estima suficiente sexa tomado en conta e se continúe co proceso da contratación .

Asado . O Enxeñeiro Técnico Municipal

D. Pedro R. Sánchez Mariño

Santiago de Compostela a 10 de Xullo de 2.015

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
Documento CONZI0KF	Expediente CON/1/2015	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.038.878,86 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 14 de setembro de 2015, ás 9:20 Horas.

Presidente: D. Xan Duro Fernández.
Vocais: D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
 D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
 D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico industrial servizo obras e proxectos
 Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Antón X. Díaz Valle, en representación de Elecnor, S.A. e D. Francisco Javier Santamaría Martínez en representación de Aceinsa Mobilidad, S.A.

A mesa de contratación procede ó exame da ampliación do informe realizado polo técnico municipal sobre os criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes. Se lle solicita que reflicta por escrito no informe unha pequena explicación que realiza verbalmente neste acto sobre a avaliación dos medios de actualización dos sistemas GIS. Este informe acompáñase á presente acta.


A Mesa de Contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliábeis mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)	Baixa prezo medio mantemento anual por Pto de luz	Baixa cadro de prezos
1	ELECNOR SA (*)	1.006.615,90	6,32%	24%
2	FERROVIAL SERVICIOS SA (*)	766.497,22	95%	45,26%
3	TECNOCONTROL SERVICIOS S.A. (*)	875.607,19	10%	8,5%
4	ALUVISA. APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS (*)	825.908,70	22,89 euros	20%
5	GREMOBA S.L (*)	934.979,18	22 euros	25%
6	ACEINSA MOVILIDAD SA (*)	829.960,34	25,1254%	25,11%


Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

As 9:51 horas lévántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



CONCELLO DE SANTIAGO

De : SERVIZO DE PROGRAMACION E PROXECCION . PROXECTOS E OBRAS

A: MESA DE CONTRATACION

Asunto :

Informe sobre as ofertas presentas ao concurso “**Servizo de Mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela**”

Informe:

A petición da Mesa de contratación , realizase a valoración técnica das propostas presentadas a licitación do concurso “**Servizo de Mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela**” . No informe Técnico realizarase a valoración de un dos criterios establecidos no Prego Xeral de Condicións , concretamente o sinalado como: **B) Criterios de adjudicación non valorables en forma de cifras ou porcentaxes .**

OFERTAS A VALORAR

As ofertas presentadas para tomar parte no concurso corresponden coas seguintes empresas:


- 1.- ACEINSA MOVILIDADE SA
- 2.- APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS SA
- 3.- ELEC NOR INFRAESTRUCTURAS
- 4.- GREMOVA SL
- 5.- FERROVIAL SERVICIOS SA
- 6.- TECNOCONTROL SERVICIOS SA.

CRITERIOS A VALORAR

Os criterios a incluír en este apartado, reflectidos no prego son os seguintes :

B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15 puntos).

Neste apartado valorarase o programa de execución dos traballos incluídos no presente prego, a organización do servizo, o sistema adoptado para a inspección das instalacións, os programas de inspección e recollida de avisos, sistema adoptado para a actualización do Gis e Citigis, software de control de facturación de enerxía eléctrica etc..



CONCELLO DE SANTIAGO

B.2.- Medios Persoais (15 puntos)

Presentarase compromiso formal de adscrición especificando o grao de dedicación e a documentación acreditativa do equipo humano e os seus requisitos mínimos establecidos no Prego . No caso de non poder presentar a dita documentación valorarase o presente apartado con 0 puntos.

Valorarase o persoal posto a disposición do contrato e o seu grao de dedicación, a súa cualificación profesional e a súa experiencia en contratos da mesma natureza.A puntuación distribuirase da seguinte forma:

1. Responsable de conservación e mantemento (ata 5 puntos)


- a. Titulación Universitaria acorde co obxecto do contrato
 - Grao medio ou equivalente: 1 puntos
- b. Grao de dedicación ao contrato:
 - Parcial con prioridade: 1 Punto
 - Exclusiva : 2 puntos
- c. Experiencia superior a 5 anos en contratos da mesma natureza: 2 puntos

2. Encargado Xeral (ata 5 puntos).

- a. Grao de dedicación ao contrato
 - Parcial con prioridade: 1 punto
 - Exclusiva: 2 puntos
- b. Experiencia acumulada en contratos da mesma natureza (ata 3 puntos)
 - Inferior a 5 anos: 0 puntos
 - Superior a 5 anos e inferior a 6 anos: 0,75 puntos.
 - Por cada ano completo a partir do 5º ano: 0,15 puntos ata o máximo total previsto de 3 puntos

3. Outros medios persoais (ata 5 puntos)

- a. Técnico en prevención de riscos laborais e responsable de seguridade e saúde do contrato (ata 2 puntos)
 - Dedicación exclusiva ao contrato : 1 punto
 - Experiencia superior a 4 anos en contratos da mesma natureza: 1 punto
- b. Técnico en delineación con coñecementos de electricidade e informática a nivel de usuario e manexo de programas tipo GIS (ata 3 puntos)
 - Dedicación exclusiva ao contrato : 1 punto
 - Experiencia ata 5 anos en contratos da mesma natureza : 1 punto
 - Experiencia superior a 5 anos, a razón de 0,2 puntos por ano ata un máximo de 2 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

B.3.- Medios materiais (ata 15 puntos)

Valoraranse os medios materiais asignados ao cumprimento do contrato tendo en conta a idoneidade dos mesmos e a súa calidade, tanto de maquinaria, equipos de traballo e medios técnicos como dos materiais a utilizar nas tarefas de conservación, reparación e pequenas reformas ou ampliacións.

A puntuación repartirase da seguinte forma:

a. Vehículos (ata 5 puntos)

Neste apartado valoraranse as características e número de vehículos aportados para a execución do servizo. Non se admitirán vehículos con idade superior a 5 anos ou quilometraxe superior a 50.000 Km.

b. Maquinaria, medios técnicos, equipos para medida de iluminación, instalacións, etc. destinados ao cumprimento do contrato (ata 5 puntos).


c. Medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis, características e operatividade dos sistema de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias (ata 5 puntos).

B.4.- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (ata 10 puntos)

Dentro destas melloras valoraranse ata un máximo de 5 puntos calquera tipo de solución que permita baixar o consumo enerxético das instalacións co menor custo asociado. Terán igual valoración (5 puntos) aquelas que repercutan na maior seguridade das instalacións, adaptación das mesmas á regulamentación actual (onde fose necesario), mellora dos sistemas de protección, envolventes, etc. O máximo importe que se poderá establecer dentro deste tipo de melloras será de 100.000 €/ano (IVE incluído). Dito importe non terá revisión anual de ningún tipo.

As Melloras ofertadas deberán ser valoradas en termos monetarios.

As melloras ofertadas poderán ser ou non admitidas ou desenroladas polo Concello en función do seu maior ou menor grao de interese.



CONCELLO DE SANTIAGO

XUSTIFICACIÓN DA VALORACIÓN

Unha vez estudadas as ofertas e tras un profundo análises das mesmas tratarase de reflectir y explicar o mais breve e detalladamente posible o seu contido así como a valoración que se ha dado a cada una delas. Ao final do informe reflectirase nunha táboa as puntuacións acadadas por cada una das empresas concursantes en cada un dos diferentes apartados .

1.- ACEINSA MOVILIDADE SA (42 / 55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9 /15 puntos).

A proposta suscitada é en xeral bastante complexa partindo de un estudo excesivamente teórico e penso que non moi ben adaptado as características do territorio no que se desenvolve, suscítanse uns equipos de inspección diúrna e nocturna con distintas periodicidades así como uso de técnicas de coaching na formación continua de inspectores . Achega tamén un organigrama do servizo así como unha táboa de frecuencias de operacións de conservación moi completa. Notase en falta un estudo mais detallado do sistema de inspección a usar así como das rutas, frecuencias e medios utilizados para o control das mesmas.

A arquitectura de comunicación e xestión de avisos está baseada na plataforma Citigis, igual que o software de control de xestión da enerxía.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego .

Criterio B-3 .- Medios materiais (11/15) .

Os vehículos con plataforma son de características superiores a os do prego, todos eles de nova adquisición e ofrecen un vehículo a maiores dos esixidos polo prego. Presentan un compromiso de aluguer de unha nave de 530m² e 60m² de oficinas . Non indican os medio utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias, aínda que si figura dentro do plan de execución do servizo , baseándose o mesmo na plena utilización do sistema citigis .

Este é o que está funcionando na actualidade aínda que non ao 100% xa que na parte de xis e cartografía así como de análises de facturación non ten suficientes prestacións .



CONCELLO DE SANTIAGO

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos de características superiores a os do prego 1 punto
- Vehículos de nova adquisición 4 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc. 4 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis , 2 puntos

Puntuación total = 11 puntos

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (7/10) .

Instalación de un total de 74uds. de luminarias tipo Led por un importe de 49.848,48€/ano, substitución de 27 Centros de Mando completos así como 29Uds. de interruptores diferenzas a instalar no interior dos cadros que se considere mais necesarios por un importe de 50.151,46€/ano (total ano ambas propostas 99.999€) .

Ámbalas dúas propostas son interesantes, aínda que a substitución por luminarias leds require un estudo mais completo xa que non só afecta as propias luminarias, senón as súas liñas de alimentación , cadros de protección e ata a súa propia distribución. Algo parecido sucede coa instalación de interruptores diferenciais dado que as condicións actuais dos centros de mando e o estado en xeral do alumeadado poden non ser o mais axeitado para súa implantación . En tódolos casos requírese un estudo previo da solución proposta.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Instalación de luminarias tipo Led (3 puntos)

Melloras técnicas que implique maior seguridade

- Substitución de 27CM completos (2 puntos)
- Instalación de 29 diferenciais (2 puntos)

Puntuación total = 7 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (11/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (7/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 42 puntos .



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

2 .- APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS SA (ALUVISA) (43/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15 /15 puntos).

A proposta suscitada está moi ben definida e estruturada , presenta melloras sobre a formulación inicial do prego. A planificación dos traballos está ben detallada, así como o plan de mantemento preventivo e periodicidades das inspección.

A xestión do mantemento realizase mediante a implantación dun software (ROSMIMAN) para xestión de inventario, gis e inspeccións , así como para a xestión da facturación da enerxía eléctrica . O sistema actual Citigis será o utilizado como sistema de telecontrol e integrado no ROSMIMAN.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)


O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego, a maiores do mesmoponse a disposición do contrato toda a oficina técnica e servizos centrais da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo .

Criterio B-3 .- Medios materiais (9/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de nova adquisición, Km 0 ou seminovos (menos de 2 anos) e con quilometraxe inferior a 50.000Km e ofrecen un vehículo a maiores dos esixidos polo prego en función das necesidades do servizo . Non indican na súa totalidade o tipo nin as características dos mesmos . Non queda claro se son novos ou non pois na proposto entran tódalas posibilidades . No se coñecen características dos locais nin instalacións a utilizar no servizo . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no uso de unha plataforma Web con software Rosmiman, compatible co sistema Citigis así como unha solución de mobilidade mediante o uso de tablets ou móbiles de última xeración, eliminando o uso de formularios etc.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos de características superiores a os do prego 1 punto
- Vehículos propostos- 2 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc.3 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis , 3 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (6/10) .

Substitución de 1200 lámpadas de 80 e 125W de VM por lámpadas SAP por importe de 42.924€ , implantación de sistemas antirrobo en 5 instalacións por importe de 21.714€ y revisión de posibles instalacións en mal estado ou obsoletas en toda a cidade y realizar un informe documentado e detallado sobre as deficiencias encontradas , por un importe de 21.960€ . Presenta un estudo de aforro no caso da substitución de lámpadas con moi bos resultados.

A proposta e interesante inda que non se indican as características dos equipos nin lámpadas a instalar . Esta proposta require un estudo mais fondo xa que en moitos casos non so hai que cambiar equipos e lámpadas senón luminarias completas dada a súa antigüidade . Os resultados obtidos poden ser orientativos pero a realidade e que a inversión necesaria soe ser superior a presupostada no orixe. En canto os sistemas de detección de roubo de cabreados, xa se dispón na actualidade de equipos similares , non considerando que súa instalación sexa o mais necesario dentro das prioridades do Concello. As revisións que propoñen facer das instalacións do alumeadado non se consideran de moita utilidade dado que recentemente fíxose unha auditoría das mesmas e neste departamento tense pleno coñecemento do estado das instalacións.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :


Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Substitución de lámparas de VM por SAP (4 puntos)

Melloras técnicas que implique maior seguridade

- Implantación de sistemas antirrobo en 8 instalacións (1 punto)
- Revisión de instalacións (1 punto)

Puntuación total = 6 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:


Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (13 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (9/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (6/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 43 puntos .



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

3 .- ELEC NOR INFRAESTRUCTURAS (33/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7/15 puntos).

A proposta suscitada e en xeral e similar a proposta do prego, a planificación das actividades así como a organización dos traballos de conservación está ben estruturada inda que non está suficientemente detallada. O mesmo sucede co sistema de inspección adoptado, o cal inda adaptándose ao prego non chega a un sistema ben definido nin a súa implantación sobre algún tipo especial de software de apoio, bótase en falla un estudo mais detallado do sistema de inspección a usar así como das rutas, frecuencias e medios utilizados para o control das mesmas. Os traballos de mantemento a executar nas dependencias municipais son os mesmos que se indican no prego, non achegándose programa algún para o mantemento dos edificios .

Con respecto ao sistema adoptado para o control enerxético da facturación de enerxía eléctrica a oferta non indica que tipo de software será o utilizado nin as características do mesmo,

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)


O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional , experiencia e grado de dedicación esixida no prego , a maiores do mesmo ponse a disposición do contrato toda a oficina técnica e servizos centrais da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo .

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de menos de 2 anos e con quilometraxe inferior a 50.000Km, dispoñendo un sistema de dispositivos de localización mediante GPS. Ofrecen a dispoñibilidade de maquinaria de apoio e pesada para acometer obras e servizos. . Non indican na súa totalidade o tipo nin as características dos mesmos, Comprométense a dispoñer de un local de 800m² . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis realízanse mediante a plataforma propia GISAL , sobre GIS e vía Web compatible co sistema Citigis.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos propostos 2 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc. 3 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis , 3 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (3/10) .

Diagnóstico enerxético das dependencias e instalacións por importe de 30.000€. Bolsa de 10.000€ para confección de proxectos por empresas de enxeñaría externas a Elecnor . Servizo de mantemento ampliado as 24h coordinado desde un call-center 24h, operativo todos os días do ano durante as 24h e implantación do sistema de xestión GISAL .

As apartacións neste apartado non son moi interesantes xa que no caso do diagnóstico enerxético, este estase facendo na actualidade e con un carácter mais amplo . En canto a incremento de seguridade nas instalacións non se achega solución algunha .

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Diagnostico enerxético de dependencias e instalacións (1 punto)
- Bolsa para confección de proxectos (1 punto)

Melloras técnicas que implique maior seguridade

- Implantación do sistema Gisal e instalación do call-center 24H (1 punto)

Puntuación total = 3 puntos

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (3/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 33 puntos .



CONCELLO DE SANTIAGO

4 .- GREMOVA SL (27/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7/15 puntos).

O plan de mantemento que se propón baséase sobre o cumprimento da normativa vixente (basicamente o contido no REEIAE, Regulamento de Eficiencia Enerxética nas instalacións de alumeados exterior e REBT, Regulamento de Instalacións Eléctricas en Baixa Tensión , a sistemática e a recollida en ámbolos dous regulamentos, non achegando melloras de relevancia as contidas no prego , no cal xa se indica a obrigatoriedade do cumprimento dos mesmos.

O control enerxético e de facturación de enerxía eléctrica realiza a través do software proporcionado por o IDAE, OFE. Os sistemas de inspección adoptados están moi pouco detallados non achegándose sistemática nin recorridos nin sistemas de control dos mesmos . No se achega nada concreto sobre os sistemas que se utilizarán para a actualización do Gis nin do Citigis.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional , experiencia e grado de dedicación esixida no prego .

Criterio B-3 .- Medios materiais (3/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, comprometéndose a dispoñer de un camión con plataforma elevadora que permita o traballo en alturas excepcionais para determinados traballos. A empresa indica que comprará todos os vehículos e que todos eles terán menos de 150.000Km . Supoño que isto debe ser un erro xa que o que pide o prego e que sexan de quilometraxe inferior a 50.000 , e non o ofertado , tampouco indican a idade dos vehículos nin as características principais dos mesmos . No se coñecen características dos locais nin instalacións a utilizar no servizo . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no sistema Citigis non quedando suficientemente aclarados na oferta presentada.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos propostos 2 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc. 1 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis , 0 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (2/10) .

Cambio das lámpadas de VMCC dos farois por paneis de leds por importe de 49.915,50€ e implantación de un sistema de telexestión aplicado a 59 Centros de Mando do alumeadado por importe de 49.912,50€.

A primeira mellora ten un erro moi importante na súa base, que consiste en que os actuais farois non están equipados con lámpadas de VMCC senón con lámpadas de VSAP polo que todos os cálculos económicos e de aforro efectuados na proposta non son válidos.

A segunda proposta non e unha mellora da seguridade das instalacións como tal senón mais ben un sistema de telexestión das instalacións mediante comunicacións inalámbricas . Dito sistema, en este momento non e de interese a súa implantación.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Cambio de lámpadas dos farois (2 punto)

Melloras técnicas que implique maior seguridade (0 puntos)

Puntuación total = 2 puntos

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (7 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (3/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (2/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 27 puntos .



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

5 .-FERROVIAL SERVICIOS SA (53/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15/15 puntos).

A proposta presentada pola empresa e moi completa e mellora sensiblemente a disposta no prego . Achegase una proposta de xestión do servizo mediante un software de xestión OnVia-lighting apoiado nun uso masivo de sistema GIS tanto para as incidencias como para a xestión de flotas, stocks e control da facturación da enerxía eléctrica , Descríbese moi acertadamente o programa de inspección do alumeadado así como os seus protocolos e asignación de recorridos mediante rutas preestablecidas a vez que se inclúe unha planificación anual dos traballos a efectuar con estimación dos seus tempos . Inclúe na súa oferta un plan de formación continua do seu persoal en emprego de novas tecnoloxías no alumeadado público. Tanto a descrición dos sistemas adoptados para a inspección das instalacións de alumeadado e das dependencias e moi completo e está moi ben planificado . O sistema de recollida e recepción de avisos integrase na mesma plataforma así como as actualizacións do Gis e o software para o control da facturación de enerxía eléctrica (ENERGIZA) .

Achegase moi detalladamente tanto o programa anual de tarefas como as características do software a implantar .

O sistema de actualización do GIS e CITIGIS intégrase totalmente no OnVia de forma automática mediante un sistema de importación de datos.


O plan de execución do servizo está moi ben estudado e achega melloras de moito valor sobre o establecido no prego.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional , experiencia e grado de dedicación esixida no prego. a maiores do mesmoponse a disposición do contrato toda a estrutura da empresa en función da demanda ou necesidades do servizo .

Criterio B-3 .- Medios materiais (15/15) .

Os vehículos propostos son das características esixidas no prego, sendo unha das plataformas de superiores características e un dos vehículos de tipo híbrido, todos eles de nova adquisición e dotados de sistemas de comunicacións e seguimento vía gps; a maiores poñen a disposición do servizo un camión todoterreo URO e un camión grúa de 3.500Kg . A nave que dispoñen para o servizo e de 1.221m² mais 350m² para oficinas e reserva de terreo de 1.000m² para posibles ampliacións . Os medio utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias, baséanse na implantación dun



CONCELLO DE SANTIAGO

software de xestión de mantemento On vía Ligting que permite a importación de ficheiros de CAD e de GIS mediante o sistema SAID, con capacidade de actualizar os datos de xeito automático e basculalos ao Citigis .

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos de características superiores a os do prego 1 punto
- Vehículos de nova adquisición 4 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc. 5 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis ,5 puntos

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (8/10) .

Instalación de 3.971 lámpadas fluorescentes de baixo consumo en substitución das lámpadas de VMCC de 80W actuais e instalación de tubos con tecnoloxía de leds en substitución dos fluorescentes actuais . Instalación de protección diferencial rearmable e instalación de equipos de comprobación da continuidade do sistema de posta a terra.

A primeira proposta está moi ben estudada, incluíndo un cálculo lumínico cos resultados da súa implantación con resultados totalmente validos, achega tamén un estudo de aforro enerxético moi completo e moi ben plantexado ,en ámbolos casos os resultados que se obteñen son moi interesantes.

A segunda proposta incide totalmente no incremento de seguridade das instalación , inda que as prestacións das mesmas e moi superior a esixida pola regulamentación, non obstante a proposta podería ser executable .


A terceira proposta consistente na instalación de un sistema de comprobación da continuidade do condutor de terra pode ser de interese en algún dos casos sempre que se dispoña antes de un completo sistema de protección contra correntes de fuga, equipos que son de obrigada instalación nas instalacións novas e que na actualidade non se dispoñen en todas as instalación de alumeado.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Instalación de lámpadas baixo consumo por 80W VM (3 puntos)
- Substitución tubos fluorescentes por tubos de led (1 punto)

Melloras técnicas que implique maior seguridade



CONCELLO DE SANTIAGO

- Instalación de protección diferencial rearmable (2 puntos)
- Instalación de sistema de comprobación de continuidade (2 puntos)

Puntuación total = 8 puntos

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:


Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (15 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (15/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (8/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 53 puntos .



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

6 .- TECNOCONTROL SERVICIOS SA. (36/55)

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9/15 puntos).

A proposta da empresa parte de unhas revisións iniciais das instalacións que darán pé a unha serie de informes para coñecer o estado das mesmas . A planificación dos traballos e a súa periodicidade están ben estudados , non así os sistemas de inspección adoptados non achegándose melloras con respecto as esixencias do prego , estando este apartado pouco estudado. Inclúese un procedemento básico para a xestión medioambiental dos residuos . Nos se detalla o suficiente os sistema de mantemento das instalacións eléctricas dos edificios nin o seu sistema de inspección. Os sistemas de actualización do Gis e Citigis serán os actuais, non ofertando melloras sobre os mesmos ; en canto o software para o control da facturación de electricidade as características que se indican son moi xenéricas, non estando especificado con claridade o tipo nin a potencia do mesmo.

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

O persoal posto a disposición do contrato cumpre na súa totalidade coa cualificación profesional, experiencia e grado de dedicación esixida no prego.

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Os vehículos propostos son das características sinaladas no prego, todos eles de menos de 2 anos e con quilometraxe inferior a 50.000Km, dispoñendo un sistema de dispositivos de localización mediante GPS. Presentan un compromiso de aluguer de unha nave de superficie mínima 1.000m² e 60m² . Os medios utilizados para a actualización permanente dos sistemas Gis e Citigis así como das características e operatividade dos sistemas de comunicacións, recepción e seguimento de avisos e incidencias baséanse no sistema no sistema de control de incidencias GMAO , non quedando suficientemente aclarados .

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

- Vehículos propostos 2 puntos
- Maquinaria, medios técnicos, instalacións etc. 3 puntos
- Medios de actualización dos sistemas Gis ,3 puntos



CONCELLO DE SANTIAGO

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (4) .

Realización de unha auditoría así como un estudo de viabilidade de introdución de enerxías renovables . Realización de un estudo sobre o consumo de enerxía e o sistema actual das contratacións de enerxía eléctrica mediante un estudo específico de consumos; asesoramento e xestións de subvencións . Instalación de sensores de porta aberta en Centros de Mando para evitar posibles roubos e incremento das medidas de seguridade nas tarefas propias do mantemento .

Parte das melloras ofertadas xa están en **execución** ou xa han sido executadas recentemente como e o caso da auditoría e o análises da facturación . En canto o resto a contribución tanto a seguridade como ao aforro es de pouca entidade.

A puntuación acadada en este criterio sería a seguinte :

Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía :

- Instalación de lámpadas baixo consumo por 80W VM (3 puntos)
- Substitución tubos fluorescentes por tubos de led (1 punto)

Melloras técnicas que implique maior seguridade

- Instalación de protección diferencial rearmable (2 puntos)
- Instalación de sistema de comprobación de continuidade (2 puntos)

Puntuación total = 8 puntos

O Resumo final das puntuacións acadadas según os diferentes criterios indicados anteriormente e o seguintes:

Criterio B.1.- Proxecto e/ou Plan de execución do servizo (9 /15 puntos).

Criterio B.2.- Medios Persoais (15/15)

Criterio B-3 .- Medios materiais (8/15) .

Criterio B- 4 .- Melloras técnicas que impliquen aforro de enerxía nas instalacións ou incremento de seguridade das mesmas (4/10) .

A puntuación final obtida pola proposta e de 36 puntos .

Do resultado do análises das ofertas o resumo das puntuacións alcanzada nos distintos apartados e a seguinte:

	ACEINSA	ALUVISA	ELEC NOR	GREMOVA	FERROVIAL	TECNOCONTROL
B-1 Proxecto e/ou Plan de execución(15 puntos)	9	13	7	7	15	9
B-2 Medios Persoais (ata 15 puntos)	15	15	15	15	15	15
B-3 Medios Materiais (ata 15 puntos)	11	9	8	3	15	8
B-4 Melloras técnicas (ata 10 puntos)	7	6	3	2	8	4
Suma	42	43	33	27	53	36

O que se pon no seu coñecemento co obxecto de que si se estima suficiente sexa tomado en conta e se continúe co proceso da contratación .

Asdo : O Enxeñeiro Técnico Municipal



D. Pedro R. Sánchez Mariño

Santiago de Compostela a 4 de Setembro de 2.015

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0KF	<i>Expediente</i> CON/1/2015	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.038.878,86 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/ Pte.Salvador Allende, 6-8, 1 de outubro de 2015, ás 9:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais: Dª. Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico industrial servizo obras e proxectos
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador FERROVIAL SERVICIOS S.A.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Excluir da licitación as ofertas presentadas polas empresas IMESAPI S.A. e INSTITUTO GESTION SANITARIA SA por non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o taxativo requirimento que a este respecto recolle o prego de aplicación na súa cláusula 13.2.

SEGUNDO: Trasladar ao alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **FERROVIAL SERVICIOS S.A.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **766.497,22 euros IVE** aparte, así como unha baixa a aplicar sobre o prezo medio anual de mantemento por punto de luz dun 95,00% e unha baixa sobre o cadro de prezos dun 45,26%, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



CONCELLO DE SANTIAGO

De : SERVIZO DE PROGRAMACION E PROXECCION . PROXECTOS E OBRAS

A: MESA DE CONTRATACION

Asunto :

Informe sobre as ofertas presentas ao concurso “Servizo de Mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela”

Informe:

A petición da Mesa de contratación , realizase a valoración técnica das propostas presentadas a licitación do concurso “**Servizo de Mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos Monumentos do Concello de Santiago de Compostela**” . No presente informe Técnico realizase a valoración de un dos criterios establecidos no Prego Xeral de Condicións , concretamente o sinalado como: **A) Criterios de adxudicación valorables en forma de cifras ou porcentaxes** . Dado que no informe anterior xa se realizou a valoración correspondente a o criterio **B) Criterios de adxudicación non valorables en forma de cifras ou porcentaxes** , ao final do presente informe reflectarase nunha táboa o resultado final da suma das puntuacións obtidas polas empresas concursantes en ámbolos dous criterios de adxudicación.

OFERTAS A VALORAR


As ofertas presentadas para tomar parte no concurso corresponden coas seguintes empresas:

- 1.- ACEINSA MOVILIDADE SA
- 2.- APLICACIONES LUMINICAS Y VIARIAS SA
- 3.- ELEC NOR INFRAESTRUCTURAS
- 4.- GREMOVA SL
- 5.- FERROVIAL SERVICIOS SA
- 6.- TECNOCONTROL SERVICIOS SA.

CRITERIOS A VALORAR

Os criterios a incluír en este apartado, reflectidos no prego son os seguintes :

A.1 .- Oferta Económica (60 puntos)



CONCELLO DE SANTIAGO

A.2.- Prezo medio de mantemento anual por punto de luz (5 puntos)

A.3.- Cadro de prezos para a execución de obras (10 puntos)

OFERTAS PRESENTADAS

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE fíxase en 1.038.878,88 euros/ano máis IVE.

As ofertas presentadas polas empresas en cada un dos criterios a valorar son as seguintes :

	Oferta económica	%Baixa mantemento anual punto de luz	%Baixa sobre cadro de prezos
ACEINSA	829.960,34	25,1254	25,11
ALUVISA	825.908,70	20	21,10
ELECNOR	1.006.615,90	6,32	24
FERROVIAL	766.497,22	95	45,26
GREMOBA	934.979,18	23,134	25
TECNOCONTROL	875.607,19	10	8,50

O Prego de cláusulas administrativas para a contratación do concurso , establece no seu capítulo II o procedemento de adxudicación correspondente ao criterio A) CRITERIOS DE ADXUDICACION VALORABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES da seguinte maneira:

1.- Oferta económica (60 puntos) . As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta" . Outorgarase a puntuación máxima de 60 puntos á oferta máis baixa e adxudicaranse ao resto das ofertas a puntuación resultante da aplicación da seguinte formula:

$$P_i = P_{max} - P_{max} \left(\frac{B_{max} - B_i}{B_{max}} \right)^2$$

Sendo :
P_i= Puntuación da oferta
P_{max}= Puntuación máxima posible
B_i= Baixa porcentual de cada unha das ofertas

2.- Prezo medio de mantemento anual por punto de luz (5 puntos)

3.- Cadro de prezos para a execución de obras (10puntos)

En estes dous últimos apartados o procedemento e idéntico ao reflectido anteriormente para a oferta económica .

A puntuación acadada polas distintas ofertas en cada un dos apartados indicados anteriormente en aplicación da formula elixida e a seguinte :

A.1.- Oferta Económica (60 puntos)

	Oferta económica	Importe baixa	% Baixa	Puntuación obtida
FERROVIAL	766.497,22	272.381,66	26,22	60
ALUVISA	825.908,70	212.970,18	20,50	57,15
ACEINSA	829.960,34	208.918,54	20,11	56,74
TECNOCONTROL	875.607,19	163.271,69	15,72	50,37
GREMOVA	934.979,18	103.899,70	10	37,04
ELECNOR	1.006.615,90	32.262,98	3,11	13,37

A.2.- Prezo medio de mantemento anual por punto de luz (5 puntos)

	% ofertada	Baixa	Puntuación obtida
FERROVIAL	95		5
ACEINSA	25,1254		2,30
GREMOVA	23,134		2,14
ALUVISA	20		1,88
TECNOCONTROL	10		1
ELECNOR	6,32		0,64

A.3.- Cadro de prezos para a execución de obras (10 puntos)

	% ofertada	Baixa	Puntuación obtida
FERROVIAL	45,26		10
ACEINSA	25,11		8,02
GREMOVA	25		8
ELECNOR	24		7,79
ALUVISA	21,1		7,15
TECNOCONTROL	8,5		3,4



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

O resumo final das puntuacións acadadas polas distintas empresas no apartado correspondente a : **A) Criterios de adjudicación valorables en forma de cifras ou porcentaxes** e o seguinte :


	A1-Oferta Económica	Mantemento anual	Cadro Prezos	TOTAL
FERROVIAL	60	5	10	75
ACEINSA	56,74	2,30	8,02	67,16
ALUVISA	57,15	1,88	7,15	66,18
TECNOCONTROL	50,37	1	3,40	54,77
GREMOVA	37,04	2,14	8	47,18
ELECNOR	13,37	0,64	7,79	21,18

Trasladamos a continuación as puntuacións acadadas polas distintas ofertas no criterio correspondente a : **B) Criterios de adjudicación non valorables en forma de cifras ou porcentaxes**

	B1.PROXECTO E/OU PLAN DE EXECUCION	B2. MEDIOS PERSONAIS	B3. MEDIOS MATERIAIS	B4.MELLORAS TECNICAS	TOTAL
FERROVIAL	15	15	15	8	53
ALUVISA	13	15	9	6	43
ACEINSA	8	15	11	7	41
TECNOCONTROL	10	15	8	4	37
ELECNOR	7	15	8	3	33
GREMOVA	7	15	3	2	27

A puntuación final acadada polas distintas empresas no concurso e a seguinte :

FERROVIAL	128
ALUVISA	109,18
ACEINSA	108,05
TECNOCONTROL	91,77
GREMOVA	74,18
ELECNOR	54,80



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

O que se pon en coñecemento da mesa de contratación co obxecto de que si se considera procedente se continúe co proceso de adxudicación .

Asdo. . O Enxeñeiro Técnico Municipal

D. Pedro R. Sánchez Mariño

Santiago de Compostela a 28 de Setembro de 2.015

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0KF	<i>Expediente</i> CON/1/2015	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de mantemento do alumeadado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeadado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.038.878,86 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte. Salvador Allende, 6-8, 20 de outubro de 2015, ás 10:15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vocais:

- D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA.
- D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico industrial servizo obras e proxectos
- Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **FERROVIAL SERVICIOS S.A**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA